



CONCELLO DE BARBADÁS

BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES DO NADAL 2018

Artigo 1. Participación

Poderán participar todos os establecementos comerciais e hostaleiros do Concello de Barbadás.

Para que o premio non quede deserto será imprescindible que exista un número mínimo de 10 establecementos participantes.

Artigo 2. Valoración

O tema a desenvolver xirará en torno ao ambiente do Nadal. Haberá total liberdade en canto á técnica e estilo. Valorarase a creatividade, orixinalidade, combinación de elementos e cores, iluminación e composición.

No caso dos establecementos hostaleiros que non dispoñen de escaparate, valorarase a decoración interior.

Artigo 3. Inscricións

Os impresos debidamente cumprimentados presentaranse por rexistro, no Concello de Barbadás ou na Oficina Municipal de A Valenzá, dende o 30 de novembro ata o 5 de decembro de 2018 (ambos incluídos).

Os impresos poderán obterse, no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá ou a través da páxina web do Concello (www.barbadas.es).

Unha vez presentada a folla de inscrición será preciso para formalizar a participación no concurso enviar unha foto do escaparate ou decoración interior, no seu caso, a dirección de correo electrónico cet@barbadas.es ata o día 5 de decembro de 2018 (incluído).

Artigo 4. Votacións

Na web do Concello (www.barbadas.es) habilitarase un formulario onde as persoas interesadas poderán votar telemáticamente, entre os días 10 e 20 de decembro de 2018.

Haberá dúas categorías: establecementos comerciais e hostelería.





CONCELLO DE BARBADÁS

Unha vez se coñezan os gañadores do concurso, comunicaráselle formalmente os/as propietarios/as dos negocios e ademáis publicarase na web do Concello (www.barbadas.es).

Artigo 5. Premios

Estableceranse os seguintes premios:

Un premio ao mellor escaparate de establecemento comercial de 200€.

Un premio ao mellor escaparate de establecemento de hostelería de 200€.

Artigo 6. Entrega de premios

Será o día 22 de decembro nos establecementos gañadores.

A participación no concurso suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.

O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento.

